

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE CAMBADOS CURSO 2025/2026

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercéndolas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder



axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.

O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

O programa de axudas municipais para o ensino leva facéndose no Concello de Cambados desde hai anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento.

BASES

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

1. A presente convocatoria apróbase no marco da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados, aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 29/05/2025, e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 153 de data 13/08/2025.
2. Estas bases de convocatoria teñen por obxecto establece-los criterios e o procedemento para concede-las subvencións municipais destinadas a colectivos con carencias económicas, co obxecto de paliar os gastos que supón a escolarización pública, ensinanzas artísticas e a formación universitaria en familias con menos recursos económicos do Concello de Cambados.
3. Estas axudas outórganse en réxime de concorrència competitiva e de acordo cos principios de publicidade e igualdade.

SEGUNDA. Destinatarios/as e requisitos.

Para ser beneficiario/a destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

a) Cursar estudos nalgún dos seguintes centros de ensino para os que se solicita a axuda:

-PRIMARIA: Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado no curso 2025/2026 en centros docentes públicos (non concertados) do Concello de Cambados, incluídos alumnos de Oubiña matriculados no colexio de Tremoedo.



-ESO: Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado no curso 2025/2026 en centros docentes públicos (non concertados) do Concello de Cambados, incluídos alumnos de Oubiña matriculados no colexio de Tremoedo.

-FP: calquera centro público.

-BACHARELATO: calquera centro público.

-UNIVERSITARIOS: calquera centro público.

-ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL-ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES E CONSERVATORIO DE MUSICA: Calquera centro do estado ou conservatorio de musica.

-O ALUMNADO cuxas necesidades educativas especiais impidan a súa escolarización nun centro ordinario do municipio, poderá solicitar a axuda para a asistencia a un Centro de Educación Especial, aínda que non estea localizado no Concello.

b) Que a renda per cápita familiar non supere os límites establecidos na base sexta da presente convocatoria.

c) Estar empadroado no Concello de Cambados e ser fillo dependente economicamente. Non pode beneficiarse destas axudas o alumnado que non sexa dependente economicamente. Consideraranse fillos dependentes economicamente os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda sempre que non teñan un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2024.

d) Presentar certificado de matrícula (ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria) do/a alumno/a para o curso 2025/2026 (agás alumnos/as de Primaria e ESO).

e) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario/a, recollidas no artigo 6 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados.

f) As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado: os pais, as nais ou os titores, que serán os beneficios das mesmas. No caso de alumnos/as de entre 18 e 25 anos poderán ser solicitadas por eles mesmos.

g) Poderán ser beneficiarios da axuda de transporte os estudantes dos centros situados fóra do Concello de Cambados. Alumnado de:

a. Formación Profesional que curse estudos nalgunha modalidade que non se imparta no municipio ou acreditar que quedou sen praza nun dos centros de Cambados.

b. Universitarios

c. Alumnado de Bacharelato que curse estudos nalgunha modalidade que non se imparta no municipio.



d. Alumnado de ensinanzas artísticas superiores e Conservatorios Superiores de música fóra do Concello de Cambados.

TERCEIRA. Solicitudes e documentación

1.- As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I e poderá así mesmo obterse nas oficinas xerais (Rexistro de Entrada) do Concello de Cambados ou ben a través da páxina web: <http://cambados.sedelectronica.gal>.

Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentárase a seguinte documentación:

1º.- Fotocopia do DNI do solicitante .

2º.- Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

3º.- Fotocopia ou resgardo da matrícula para o curso 2025/2026.

4º.- Fotocopia do I.R.P.F de tódolos membros da unidade familiar obrigados a presentala declaración da renda, ou certificación da Delegación de Facenda de estar exentos da mesma.

No caso de exención legal de efectuar dita declaración, os ingresos xustificáranse coa seguinte documentación:

a) **Para pensionistas:** Xustificante de pensión mensual do ano 2024.

b) **Para demandantes de emprego:** Certificado das prestacións do INEM correspondente ó ano 2024 e fotocopia tarxeta demanda de emprego.

c) **Para perceptores da RISGA:** Aportarán o xustificante da contía mensual que percibe.

d) **Para traballadores en activo non obrigados a presentar declaración da renda:**

- Traballadores por conta allea: Fotocopias das nóminas do 2024.

- En caso de empeoramento da situación familiar, fotocopias das nóminas do primeiro semestre do 2025.

- Traballadores autónomos: Declaracións trimestrais de 2024-2025.

Nos supostos en que exista imposibilidade de documentar determinadas situacións de carencia económica, esta deberá acreditarse mediante declaración xurada dos interesados no que conste o motivo da imposibilidade de documentar esta situación.

5º.- Declaración responsable segundo Anexo III.

6º.- Documentación complementaria, se procede:

- Se procede, copia do **certificado ou copia da tarxeta acreditativa de minusvalía igual ou superior ó 33%** dalgún membro da unidade familiar (solicitante, padres ou irmás).

- **Certificado que acredite a situación de desemprego** por un período superior a 6 meses durante o ano 2024 dalgún membro da unidade familiar, se



procede.

- **Documentación acreditativa da situación de familia monoparental** ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co causante. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

- **Contrato de alugueiro no lugar donde se cursan ensinos superiores.**

2.- A cada unha das solicitudes unirase o volante de convivencia correspondente, expedido de oficio polo servizo de padrón municipal a instancia do departamento responsable da tramitación desta convocatoria de axudas.

3.- A falsidade ou ocultación de datos determinará, sen prexuízo de que o Concello exercite as accións oportunas contra os responsables, a exclusión deles de futuras convocatorias de bolsas municipais.

4.- No caso de presentar solicitudes para varios irmáns, non é necesario duplicar documentación.

CUARTA. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1.- A solicitude presentárase no rexistro xeral do Concello de Cambados, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou ben a través da sede electrónica (dispoñible durante as 24 h dos 365 días do ano), ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO ata o día 30 de setembro do 2025 na forma e termos previstos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións.

QUINTA. Contía das bolsas

1.- A determinación da contía individualizada de cada subvención resultará da



puntuación obtida tras a aplicación dos criterios establecidos nas presentes bases.

2.- O importe máximo da axuda será en función da seguinte táboa para aqueles solicitantes que obteñan a maior puntuación, distribuíndose os importes restantes en función da puntuación obtida, ata esgotar o crédito asignado ó proxecto.

3.- Cando o número de solicitudes aceptadas non esgote ó crédito máximo previsto, poderase outorgar a cantidade máxima a cada unha delas, se así se motiva.

4.- Os importes máximos das axudas de ensino, por alumno/a e curso serán os que se reflicten na táboa seguinte:

a) Axudas para compra de material escolar

DESTINATARIOS	IMPORTE MAXIMO DA AXUDA
ALUMNADO PRIMARIA E SECUNDARIA	175€
ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	225€
ALUMNADO BACHARELATO, F.P.	225€
UNIVERSIDADE, ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES E CONSERVATORIOS	300€

b) Axudas para Transporte

Os importes das axudas de transporte para alumnos de bacharelato, F.P., Universidade, Ensinanzas Artísticas Superiores e Conservatorios, por alumno e curso determinaranse en función da situación do centro educativo, tal e como se indica na seguinte táboa:

DISTANCIA EN KMS	IMPORTE MAXIMO DA AXUDA
Centros da comarca do Salnés agás Cambados	50€
Centros situados fora da comarca do Salnés, e a menos de 30 Km de Cambados	75€
Centros situados fora de Cambados a máis de 30 Km	100€

SEXTA. Criterios de valoración.

1.- Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar e o exercicio fiscal 2024.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.



2.- Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2024.
- No caso de familias monoparentais, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Considerarase familia monoparental aquel “núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento” (artigo 13 da Lei 3/2011). Para os efectos da consideración da monoparentalidade, e sempre que o fillo ou filla teña sido recoñecido por ambos/ambas proxenitores/as, no caso de non existir acordo xudicial algún no referido ao outorgamento da garda e custodia así como a atribución de pensión de alimentos en favor da/do menor estimarase como xustificación suficiente a declaración xurada do proxenitor/proxenitora/responsable legal solicitante, sen prexuízo de que a administración poida efectuar maiores comprobacións valéndose dos medios legalmente establecidos.
- No caso de familias numerosas, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
- No caso de ausencia de ambos os dous proxenitores, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 1,6 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai e a nai, pai e pai, nai e nai e todos os fillos dos pais e nais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.



3.- A valoración das solicitudes presentadas efectuarase segundo o seguinte cadro de puntuacións:

Renda per cápita familiar	Puntuación
De 0 € a 4.000 €	6
De 4.001 € a 6.000 €	4
De 6.001 € a 8.000 €	2

As rendas per cápita superiores a 8.000€ non terán dereito a axuda de ensino, e as rendas per cápita superiores a 6.000€ non terán dereito a axuda de transporte.

4.- Ademais da renda per cápita teranse en conta as seguintes circunstancias sempre que se acrediten co correspondente certificado:

a) Se algún membro da unidade familiar ten unha minusvalía igual ou superior ao 33%, puntuarase esta circunstancia con 2 puntos adicionais.

b) Cando o pai/nai ou titor/a acrediten a situación de desemprego durante máis de seis meses no ano 2024 incrementarase a valoración con 2 puntos adicionais.

c) Xustificación de aluguer de vivenda ou amortización do préstamo bancario para a amortización da mesma (ano 2024) 2 puntos adicionais.

5.- A subvención que se conceda en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do obxecto da subvención. Para ese efecto os solicitantes deberán declarar todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto, no momento da solicitude ou en calquera outro da vixencia do expediente en que se produza.

6.- As presentes axudas serán compatibles con outras axudas que puideran percibirse para a mesma finalidade doutras Administracións públicas. No obstante, serán incompatibles coas axudas por estudos establecidas no Convenio Colectivo do persoal laboral e no Acordo Regulador do persoal funcionario, para os familiares de todo o persoal do Concello de Cambados, polo que os fillos do persoal municipal non poderán concorrer a convocatoria prevista nestas bases.

SÉTIMA. Crédito orzamentario

1.- Para o financiamento deste programa de axudas establécese crédito en contía máxima de 27.000,00 euros na aplicación 3200.48100 do Orzamento do Concello de Cambados para o exercicio 2025.



2.- Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario previsto na aplicación orzamentaria destinada para tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Cambados para o ano 2025. De verse superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas ás unidades familiares que obteñan maior puntuación na valoración das solicitudes.

OITAVA. Do procedemento de concesión das axudas

1.- Unha vez rematado o prazo previsto na cláusula cuarta, a persoa que instrúa o procedemento, coa asistencia do persoal do servizo administrativo ao que lle corresponda por razón da materia, procederá á comprobación das solicitudes, efectuada conforme aos requisitos establecidos na ordenanza xeral e nesta convocatoria, na que se verificará o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiario/a da subvención así como da documentación requirida, emitíndose Informe do instrutor no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que as persoas ou entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

As solicitudes que incumpran os requisitos para adquirir a condición de beneficiario/a e/ou documentais, non se admitirán a trámite, sen prexuízo da aplicación do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para a emenda e mellora da solicitude: *“Se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior, requirirase ó interesado para que , nun prazo de dez días hábiles emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixera así, se lle terá desistido da súa petición, previa resolución...”*.

2.- Unha vez informadas as solicitudes, o servizo instrutor someteraas á comisión de valoración.

A comisión de valoración, tras a avaliación das solicitudes presentadas de acordo con os criterios fixados nesta convocatoria, emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada e formulará a proposta de resolución, que deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e a puntuación outorgada segundo os criterios de valoración establecidos en cada convocatoria.

3.- O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión de valoración, efectuará a proposta de resolución debidamente motivada, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a puntuación outorgada segundo os criterios de valoración establecidos nesta convocatoria.



4.- Unha vez recibida a proposta de resolución, xunto co resto do expediente, o órgano competente resolverá o procedemento, previa fiscalización da intervención.

5.- O Acordo de concesión das subvencións será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo daráselle traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións.

6.- O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución poderase interpor un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación, ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación, nos termos recollidos na lexislación vixente.

NOVENA.- Gastos subvencionables nas axudas para material escolar.

1.- No concepto de material escolar inclúese todo o material necesario para o desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada centro e as súas técnicas de aprendizaxe, incluído equipo informático portátil necesario para a realización das tarefas escolares.

2.- O gasto en material deportivo non poderá ser superior ao 25% do importe total da subvención concedida.

3.- Os custos de matrícula en Universidades Públicas

4.- Gastos de aloxamento, sempre que se cursen ensinanzas en Univesidades Públicas dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

5.- Co obxectivo de favorecer a xeración de actividade económica dentro do municipio, establécense os seguintes porcentaxes de valor xustificativo das facturas que se presenten polos beneficiarias/os das axudas:

- As facturas emitidas por comercios con establecemento físico no municipio de Cambados computarán polo 100% do seu importe.
- As facturas emitidas por comercios con establecemento físico na comarca do Salnés computarán polo 80% do seu importe.
- As facturas emitidas por comercios con establecemento físico no resto



provincia de Pontevedra computarán polo 60% do seu importe.

- As facturas emitidas por comercios con establecemento físico no resto comunidade autónoma de Galicia computarán polo 40% do seu importe.
- As facturas emitidas por plataformas de compra en liña computarán polo 15% do seu importe.

6.- Quedan excluídos os seguintes gastos:

- Os equipos informáticos nos centros que dispoñan de Edixgal, ou equivalente, na etapa educativa da/o solicitante.
- Os equipos periféricos ou consumibles (impresoras, toners ou tintas, memorias externas ou calquer outro complemento, salvo as pantallas dirixidas a dobre configuración)
- Os dispositivos móbiles de comunicación e as tabletas.
- Os equipos informáticos de sobremesa.
- Os gastos de compra de alimentos.
- Os gastos en establecementos de restauración.

DÉCIMA.- Xustificación

1.- Os beneficiarias/os de axudas para material escolar deberán presentar a xustificación no prazo de dez días hábiles a partir da publicación, no Taboleiro de anuncios do Concello de Cambados aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), do Acordo de Concesión ca listaxe de beneficiarias/os. A xustificación realizarase mediante impreso normalizado que se inclúe como Anexo II e poderá así mesmo obterse nas oficinas xerais (Rexistro de Entrada) do Concello de Cambados ou ben a través da páxina web: <http://cambados.sedelectronica.gal>.

Xunto coa xustificación, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentárase a seguinte documentación:

a) As **facturas** xustificativas dos gastos efectuados, que deberán estar **expedidos ó nome do solicitante/beneficiario**, datadas no período para o que se concede a axuda. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D 1496/2003. Asemade, con todas elas deberá achegarse xustificante de cargo bancario ou xustificante inequívoco de que a factura presentada foi pagada (palabra específica “pagado”). Nos supostos en que a adquisición do material escolar sexa realizada nos centros escolares, deberán acreditar o pagamento presentando o certificado do devandito centro, debidamente asinado, onde se recolla a identificación do/a pai/nai/titor (solicitante/beneficiario da axuda), alumno/a, importe pagado e concepto.

Dado o carácter finalista das axudas desta convocatoria, en ningún caso, o importe da



axuda concedida polo Concello poderá ser superior ao gasto realizado polo/a beneficiario/a. En consecuencia, de ser necesario, realizarase o oportuno axuste na cantidade da axuda concedida en cada caso. Se se detectasen facturas falsas ou fraude na declaración dos datos facilitados se perderá o dereito a obter as axudas en anos seguintes.

b) Declaración responsable segundo Anexo IV.

c) Acreditación da titularidade da conta bancaria do solicitante onde se deberá transferir o importe da subvención (con código IBAN).

2.- Os beneficiarias/os das axudas para transporte deberán presentar a xustificación no prazo de dez días hábiles a partir da publicación, no Taboleiro de anuncios do Concello de Cambados aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), do Acordo de Concesión ca listaxe de beneficiarias/os.. A xustificación realizarase mediante impreso normalizado que se inclúe como Anexo II e poderá así mesmo obterse nas oficinas xerais (Rexistro de Entrada) do Concello de Cambados ou ben a través da páxina web: <http://cambados.sedelectronica.gal>.

Xunto coa xustificación, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentarase a seguinte documentación:

a) O certificado de matrícula, ou resgardo de ter pagada a matrícula selado pola entidade bancaria, ou outros documentos xustificativos da matrícula académica no curso 2025/2026

b) Declaración responsable segundo Anexo IV.

c) Acreditación da titularidade da conta bancaria do solicitante onde se deberá transferir o importe da subvención (con código IBAN).

3.- De non presentala xustificación dentro do prazo establecido nestas bases entenderase que desiste da súa petición. No caso de que a xustificación presentada se estime insuficiente, o Concello requirirá o beneficiario no prazo de 10 días naturais, para que emende os defectos apreciados. Se transcorrido dito prazo, non se producira a emenda requirida, tal feito ocasionará a revogación da axuda e, en consecuencia o impago da mesma.

4.- Unha vez xustificada correctamente a subvención e aprobada polo órgano competente, a cantidade concedida ingresarase na conta corrente indicada polo solicitante.

UNDÉCIMA.-Solicitud de entrega a conta

Os beneficiarios das subvencións poderán solicitar, en caso de necesitalo, a entrega anticipada de hasta o 60% do importe concedido para poder facer o gasto. Esta medida será de aplicación extraordinaria e previa solicitude do



beneficiario que deberá xusticar a necesidade. Este proceso non exime do cumprimento de xustificación, do importe total concedido, na fase de **Xusticación da Subvención**.

DECIMOSEGUNDA .- Do instrutor e composición da comisión de valoración

ÓRGANO INSTRUTOR.

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións no ámbito do Concello de Cambados compete á técnica municipal subvencións
2. A persoa que instrúa o procedemento realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

COMISIÓN DE VALORACIÓN

A avaliación das solicitudes corresponderá ao órgano colexiado, denominado comisión de valoración, o cal tamén será o encargado de formular a proposta de concesión ao órgano concedente a través do órgano instrutor.

A comisión de valoración estará integrada por persoal do servizo de cultura e estará composta por unha presidencia, unha secretaría e dúas vogalías.

DECIMOTERCEIRA.-Control das Subvencións

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei Xeral de Subvencións 38/2003, no seu Regulamento 887/2006, na Lei Xeral Presupostaria 47/2003, e demais normas concordantes, isto é, na Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei Ordinaria do Consello de Contas de Galicia.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A publicidade dos distintos actos derivados da presente convocatoria farase no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados, aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



ANEXO I

FORMULARIO SOLICITUDE CONCESIÓN BOLSA ENSINO - CURSO 2025/2026

Dn/Dona.....con DNInº.....
como (pai/nai, tutor/a legal) de.....
estudiante deno Centro
de.....
con D.N.I nº.....con domicilio na
rúa.....nº.....
localidade.....teléfono.....
correo electrónico.....

Vistas e aceptadas as BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE 2025/2026 DO CONCELLO DE CAMBADOS,

SOLICITA ser admitido en dito procedemento, para o cal se achega a seguinte documentación:

- 1º.- Fotocopia do DNI do solicitante .
- 2º.- Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- 3º.- Fotocopia ou resgardo da matrícula para o curso 2025/2026
- 4º.- Fotocopia do I.R.P.F de tódolos membros da unidade familiar obrigados a presentala declaración da renda, ou certificación da Delegación de Facenda de estar exentos da mesma.
- 5º.- Declaración responsable segundo Anexo III.
- 6º.- Documentación complementaria, se procede.

Autorizo ao Concello de Cambados para que poida obter os documentos susceptibles de comprobación pola Administración que se citan nas Bases ao abeiro do artigo 28.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Cambados,..... dede 20.....
(Sinatura)

Sr. Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de CAMBADOS.



ANEXO II

XUSTIFICACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA

Dn/Dona.....con D.N.I n°.....
e como pai/nai/titor-a legal do
alumno.....
teléfono

EXPÓN: Que polo Concello de Cambados foime concedida unha subvención para
(marcar cun x):

Adquisición de libros de texto e material escolar, curso 2025/2026, por importe
de€.

Para a súa xustificación, preséntase:

1. As facturas xustificativas dos gastos efectuados, cos xustificantes dos cargos bancarios ou constancia inequívoca de que as facturas presentadas foron pagadas.
2. Declaración responsable segundo modelo establecido no Anexo IV.
3. Acreditación da titularidade da conta bancaria do solicitante onde se deberá transferir o importe da subvención (con código IBAN).

Axudas para transporte curso 2025/2026, por importe de€. Para a súa xustificación, preséntase:

1. O certificado de matrícula, ou resguardo de tela pagada, ou outros documentos xustificativos da matricula académica no curso 2025/2026.
2. Declaración responsable segundo Anexo IV.
3. Acreditación da titularidade da conta bancaria do solicitante onde se deberá transferir o importe da subvención (con código IBAN).

Por todo o cal, **SOLICITO:** O abono da axuda concedida.

En Cambados a.....de..... de 20.....

(Sinatura)

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Cambados.



ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dn/Dona.....con D.N.I nº

DECLARA:

1. Que non estou incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da subvención, previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
2. Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.
3. Que teño solicitadas, concedidas e/ou recibidas as seguintes subvencións para a mesma finalidade prevista nas bases reguladoras para a concesión de axudas municipais para o ensino e o transporte escolar do curso 2025/2026:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido	Importe recibido
	€	€	€
	€	€	€
	€	€	€

AUTORIZO:

Ao concello de Cambados para que realice as comprobacións oportunas en relación cos apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2025/2026.

E para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente declaración.

En Cambados a.....de..... de 20.....

(Sinatura)



ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dn/Dona.....con D.N.I nº
teléfono

DECLARA:

4. Que todos os datos que contén a conta xustificativa axústanse á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
5. Que non estou incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da subvención, previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
6. Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.
7. Que os ingresos obtidos para a finalidade da subvención non superaron o custo total da mesma.
8. Que teño solicitadas, concedidas e/ou recibidas as seguintes subvencións para a mesma finalidade prevista nas bases reguladoras para a concesión de axudas municipais para o ensino e o transporte escolar do curso 2025/2026:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido	Importe recibido
	€	€	€
	€	€	€
	€	€	€

AUTORIZO:

- Ao concello de Cambados para que realice as comprobacións oportunas en relación cos apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2025/2026.

E para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente declaración.

En Cambados a.....de..... de 20.....

(Sinatura)

